



**CONCELLO
DE
MEAÑO**
CP 36968
(PONTEVEDRA)



ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa por instalación de quioscos na vía pública**.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos


Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algúns dos supostos citados no feito imponible.

Artigo 4º. Responsables

- Serán responsables solidarias das óbrigañas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.



CONCELLO DE MEAÑO

CP 36968

(PONTEVEDRA)

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Percepción

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servicios de retribución puntual, no momento de presenta-la solicitude de concesión ou autorización.
- Nos servicios de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.


Artigo 8º. Liquidación

- Cando se trate de servicios puntuais, liquidarase e esixirase a taxa en calidad de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.
- Cando se trate de servicios de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.
- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.
- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou



**CONCELLO
DE
MEAÑO**
CP 36968
(PONTEVEDRA)

oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. Normas de xestión

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.
- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.
- Unha vez autorizada ou concedida a licencia de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.
- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracíons de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.



CONCELLO
DE
MEAÑO
CP 36968
(PONTEVEDRA)



ANEXO

Primeiro. Tarifa.

PARA APLICACION DA ORDENANZA DE TAXA POR INSTALACION DE QUIOSCOS NA VIA PUBLICA

<u>Concepto</u>	<u>Pesetas</u>
POR QUIOSCO E ANO	10.000 Pts.

Segundo. Outras normas especiais de xestión.

a) Xunto coa documentación prevista no art. 11 da presente Ordenanza deberase acompañar a documentación precisa na que se poida apreciar o deseño da instalación.

b) A instalación será realizada polo interesado, quedando obrigado o beneficiario a mantela en bo estado de conservación tanto a instalación como a porción de dominio público utilizado.

c) As porciones de dominio público que se destinan á utilización privativa para instalación de quioscos son:

- 1.- PARROQUIA DE DENA.- Vía pública das inmediacións da Praza de Abastos.
- 2.- PARROQUIA DE DENA.- Vía pública das inmediacións do Centro de Saúde.
- 3.- PARROQUIA DE MEAÑO.- Vía pública das inmediacións da Praza de Herminia Fariña.

Terceiro. Data de aprobación.

DILIXENCIA:

Pónoa eu, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño, para facer constar que a imposición e aprobación da presente Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por instalación de quioscos na vía pública, foi aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 28 de setembro de 1998.

Meaño, 29 de setembro de 1998